

Prevención fronte a facturas fraudulentas

Un dos intentos de ciberestafa (ou *cibercalote*) que se está a incrementar considerablemente nos últimos tempos é a remisión de facturas fraudulentas, logrando nalgúns casos subtraer importantes sumas de diñeiro de entidades públicas e privadas.

As técnicas de ataque son variadas e están sempre en evolución. As solicitudes falsas poden ser moi convincentes, e mesmo aportar información precisa sobre servizos reais que os criminais obteñen de moitas fontes legais ou ilegais e adoitan realizarse indicando que é urxente xestionar os pagos. As persoas destinatarias destas mensaxes fraudulentas moitas veces pertencen a unidades xestoras, un caso no que deben concienciarse especialmente, informarse e tomar precaucións.

Recomendamos, polo tanto, seguir os seguintes consellos prácticos para evitar ser vítimas de ciberestafas deste tipo:



Se a factura vén asinada dixitalmente, valide a sinatura e verifique que corresponde ao fornecedor. En caso de non haber sinatura dixital, extreme as precaucións.



Antes de proceder a calquera pago é importante comprobar os datos, particularmente o número de conta, por algún medio de confianza que non sexa a propia factura.



Desconfíe ante supostas urxencias ou alteracións no procedemento habitual, mesmo se semellan proceder de entidades ou persoas de confianza ou con autoridade, xa que estas poden estar a ser suplantadas.



Permaneza alerta ante intentos para conseguir información sobre facturas. Os ciberdelincuentes adoitan utilizar distintos mecanismos coma o de solicitar o envío dunha factura “para ser revisada” previamente á súa tramitación. Se os atacantes conseguen obter información real, aumenta a dificultade de identificar as facturas fraudulentas.



Evite acceder a páxinas web mediante ligazóns facilitadas por correo electrónico no que se lle remita a factura ou a solicitude de pago. Nunca introduza datos persoais nin bancarios en ditas páxinas.



No caso de recibir unha factura duplicada ou se ten a máis mínima dúbida sobre a veracidade do recibido, contacte inmediatamente coa entidade fornecedora. Se hai indicios de fraude, póñao en coñecemento do seu responsable o antes posible a efectos da notificación e investigación do intento de ciberestafa.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



CIBER
SEGURIDADE
GALICIA

